

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2024/G007/000001**

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, alcalde presidente en funcións do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, sita na praza Maior, número 1, o vindeiro luns, día **22 de xaneiro**, ás **12,00 HORAS**, de acordo coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1/2 APROBACIÓN DAS NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DO SORTEO DE FORMACIÓN DE MESAS ELECTORAIS POR MEDIOS INFORMÁTICOS.

2/3 CELEBRACIÓN DO SORTEO DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 18 DE FEBREIRO DE 2024.

3/4 LISTA DE RESERVA DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 18 DE FEBREIRO DE 2024.

Notifíquelles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa remisión da convocatoria e orde do día e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición das/dos señoras e señores concelleiras e concelleiros, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

Xustifícase o carácter extraordinario da convocatoria na necesidade de dar cumprimento ós prazos establecidos na Lei de réxime electoral xeral para a formación das Mesas Electorais.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo alcalde presidente en funcións, don Rubén Arroxó Fernández